




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 P.C.L	Documento 21117I02E1	
Código de verificación  6F2E 3521 1V2K 430E 0KQX	Expediente 211/2022/2	
	Fecha 08-06-2023	

PROPOSTA COMPLEMENTARIA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS SUBVENCIONS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA BOLSAS DEPORTIVAS DIRIXIDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DA CORUÑA PARA APOIAR A PRÁCTICA E O RENDEMENTO DEPORTIVO PARA O EXERCICIO 2022

A Xunta de Goberno Local o día 2 de febreiro de 2022 acordou autorizar o gasto e aprobar as axudas en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas individuais do Concello da Coruña, 2022.

O importe desta convocatoria é de 120.000,00 euros, gasto imputable á aplicación 52.341.48116 do Orzamento Municipal de 2021.

A convocatoria de subvencións publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 27, do 9 de febreiro de 2022, BDNS (Identif.): 609190.

O 23/06/2022 a Concelleira de Deportes resolveu definitivamente a convocatoria de bolsas para deportistas individuais do concello da Coruña, ano 2022, por importe de **120.000,00 euros**. Entre os acordos adoptados, desestimouse a solicitude presentada por dona Ana María Regueira Lavandeira, co DNI *****7597****, en representación de dona Blanca Antelo Regueira, menor de idade, co DNI *****3624****, por non presentar toda a documentación esixida no requirimento de emenda publicado no **BOP núm. 50, do 15 de marzo de 2022**, de conformidade coa Base 10.3 da convocatoria.

Posteriormente, Ana María Regueira Lavandeira, en representación de Blanca Antelo Reguera, menor de idade, interpuxo en data 29 de xullo de 2022 recurso de reposición contra a resolución definitiva de concesión de bolsas deportivas para deportistas individuais do Concello da Coruña do ano 2022 de data 23 de xuño de 2022 (BOP nº 127, de data 06/07/2022).

Dito recurso de reposición foi expresamente desestimado mediante resolución de data 26/09/2022 e notificada á interesada en data 04/10/2022.

En data 25/05/2023 notifícase ao Concello da Coruña a través da plataforma LexNET a sentenza nº 00058/2023 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña, de data 22 de maio de 2023, polo que a maxistrada estima o recurso contencioso administrativo interposto por Ana María Regueira Lavandeira fronte a resolución da Concelleira de Deportes de data 26/09/2022 e acorda que se proceda a incluír á deportista Blanca Antelo Regueira entre as solicitantes de bolsas deportivas, e se proceda a súa valoración segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria, e dictar unha nova resolución definitiva dacordo aos ditos criterios. A sentenza non é susceptible de recurso.



Reunida a Mesa de Avaliación das bolsas deportivas en data 5 de xuño de 2023, procédese a avaliar o proxecto e demais documentación presentada pola deportista Blanca Antelo Reguera, acordándose o seguinte:

211/2022/337	ANTELO REGUEIRA, BLANCA	<p>XIMNASIA RÍTMICA</p> <p>Valoración:</p> <p>Medallista Campionatos de España: 0</p> <p>Participación Campionatos de España: 2,5</p> <p>Méritos participación Campionatos de España: 10</p> <p>Proxecto deportivo: 17,5</p> <p>Práctica de deporte adaptado: 0</p> <p>Infrarrepresentación modalidade deportiva: 0</p> <p>Beneficiario outras becas deportivas: 3</p> <p>Pertenencia club Coruña: 2</p> <p>Consideración DGAN: 0</p> <p>Total:</p>
--------------	-------------------------	---

A valoración dos distintos criterios establecidos nas bases da convocatoria foi o seguinte:

- 1) Medallista en Campionatos de España nas dúas últimas tempadas (ata 15 puntos): a deportista non obtivo medalla nos campionatos de España dos anos 2020 e 2021, polo que se lle outorga unha puntuación de 0 puntos.
- 2) Participación Campionatos de España nas dúas últimas tempadas (ata 10 puntos): a mesa outorga 10 puntos no caso de que a deportista participase no campionato de España, obtendo unha clasificación entre o 4º e o 10º posto. N caso de que non participase nun dos campionatos, non se lle outorgaría a puntuación correspondente (5 puntos). Ao participar só no campionato correspondente ao ano 2021 e quedar fora dos postos 4º ao 10º, outórgaselle a metade da puntuación, é dicir, 2,5 puntos.
- 3) Méritos que acredite a solicitante obtidos nos dous últimos anos e que lle outorguen opción para a participación nos próximos Campionatos de España (ata 15 puntos): a deportista acada a clasificación para os campionatos de España en ámbolos dous anos 2020 e 2021, ao clasificarse 6ª e 5ª respectivamente. O criterio da mesa de avaliación é outorgar os 15 puntos se a clasificación se acada co 1º posto, 12,5 puntos se clasifica no top 3 e 10 puntos por conseguir unha clasificación por debaixo do top 4.
- 4) Proxecto deportivo (ata 40 puntos): o proxecto deportivo valórase individualmente dacordo cos criterios establecidos na base 11.2 da convocatoria e, así mesmo, en relación cos demais proxectos deportivos da mesma modalidade deportiva. Os proxectos son sustancialmente idénticos, con pequenas diferenzas derivadas da adaptación a cada deportista, polo que se lle outorga a mesma puntuación a tódolos proxectos, 17,5 puntos.
- 5) Práctica de deporte adaptado (5 puntos): a deportista non ten a condición de discapacitada nin practica deporte adaptado, polo que se lle outorga unha puntuación de 0 puntos.
- 6) Infrarrepresentación do deporte español ou galego na modalidade deportiva de ximnasia rítmica (máximo 5 puntos): a mesa de avaliación considera que a ximnasia deportiva feminina non é unha modalidade deportiva infrarrepresentada, tanto no deporte español como galego, sendo puntuadas tódalas solicitudes presentadas nesta modalidade para a convocatoria do ano 2022 coa mesma puntuación, 0 puntos.
- 7) Non ser beneficiaria de bolsas deportivas doutras administración públicas (3 puntos): ao non constar que a deportista sexa beneficiaria ou esté no pleno disfrute de



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

ninguna outra bolsa para esta actividade deportiva, outórgaselle a puntuación máxima deste criterio, 3 puntos.

- 8) Pertenza da deportista a un club deportivos do municipio da Coruña (2 puntos): Blanca Antelo Reguera pertence ao Club Rítmica Milenium, cuxa sede está situada na rúa Pla e Cancela, nº 10, dentro do termo municipal da Coruña. Polo tanto, se lle outorga unha puntuación de 2 puntos.
- 9) Ter a condición durante a tempada 2022 de “deportista galego de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel” (5 puntos): no expediente da deportista non consta que teña a consideración de deportista de alto nivel, polo que se lle outorga unha puntuación de 0 puntos

Á vista do exposto, a deportista Blanca Antelo Reguera acada unha puntuación total de 35 puntos na categoría para a que solicitaba a axuda (tipo 3 “Bolsas destinadas a participar en Campionatos de España”). Tendo en conta que a derradeira persoa deportista que obtivo a condición de bolseira do Concello da Coruña para o ano 2022 na categoría tipo 3 “Bolsas destinadas a participar en Campionatos de España” conseguiu unha puntuación de 38 puntos, a mesa de avaliación considera que non acada a puntuación suficiente para ser beneficiaria dunha bolsa deportiva para participar en Campionatos de España durante o ano 2022.

Á vista do exposto e do decidido pola mesa de valoración en sesión celebrada en data 5 de xuño de 2023, cuxa decisión sobre as mesmas é a recollida no punto primeiro da parte resolutiva, procedéndose a continuación a ratificar a relación final de bolsas deportivas concedidas e denegadas para o ano 2022, cuxa valoración final é a reflexada no cadro que consta na resolución de data 23 de xuño de 2022.

Logo de ver o devandito informe da Mesa, **PROPONSE:**

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza nº 00058/2023 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña, de data 22 de maio de 2023, polo que a maxistrada estima o recurso contencioso administrativo interposto por Ana María Regueira Lavandeira fronte a resolución da Concelleira de Deportes de data 26/09/2022 e acorda que se proceda a incluír á deportista Blanca Antelo Regueira entre as solicitantes de bolsas deportivas, e se proceda a súa valoración segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria.

Segundo.- Desestimar a seguinte solicitude, logo de valoración por parte da mesa de avaliación de bolsas deportivas en sesión desenvolvida en data 05/06/2023, por non acadar a puntuación suficiente:

Expediente	Deportista	DNI	Actividade	Tipo	Puntos
211/2022/323	Blanca Antelo Regueira	***3624**	Ximnasia rítmica	3	35

Terceiro.- Ratificar o disposto na resolución de data 23/06/2022 pola que se resollen e conceden as bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, correspondentes á Convocatoria de bolsas para deportistas individuais do concello da Coruña, ano 2022, por importe de **120.000,00 euros ás persoas deportistas solicitantes e no termos que se indica,**



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

todo isto de conformidade cos criterios de avaliación especificados na Base 11 desta convocatoria, con cargo á aplicación 52 341 48116 do orzamento municipal en vigor.

Cuarta.- Esta proposta de resolución terá o carácter de provisional de acordo co establecido na Base 14.1 da convocatoria e será publicada na sede electrónica do Concello da Coruña, así como na páxina web da Concellaría de Deportes.

Contra a dita resolución existe un **prazo de 5 naturais** para presentar as alegacións que se estimen oportunas.

No caso de que en dito prazo non se presenten alegacións a proposta de resolución elevarase a definitiva

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O xefe de sección de Deportes

A xefa do servizo de Deportes

Pablo Castedo López

Eva Blanco Sánchez